

A Nosa Terra apresetalles hoxe esta publicación especial que fala da vida e da obra dun home que recolleu as brancas palabras do Ézaro, dos areais de Traba, as palabras minerais do Monte Pindo, que celebrou toda a luz na sagrada paz do Monte Branco, que con Homero e Virxilio e Camoens e Ossian interrogou aos astros e ao día e a noite buscando o non revelado, aquilo que, pensou, nos levaría a deixar de ser a bandada de sombras que povoava os seus lugares para ser un povo coma Curros e Rosalía, a realidade, lanza mortal, atravesaría lle as mans e o corazón e soñou para todos, para todos nós, a patria comunal que a vir.

E para nos falar de Pondal está con nós Don Ricardo Carballo Calero, que podo eu dizer hoxe aquí que non coñezan unha xenerosa vida de traballo por todo aquilo que ten a Galicia como protagonista, por todo o que ten como protagonistas aos homes e mulleres que fixeron a nosa literatura e non so. Sería longo enumerar a súa, obra mas para falar de Don Ricardo cómpre facelo en presente infatigável.

Deunos neste ano que pasou unha obra exemplar na que Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Maior, coa sensibilidade e a convicción dos que traballan pola normalización cultural deste país, suxerindo e falando á memoria de Don Ricardo, cristalizaron un libro no que no lembrar de Don Ricardo era feita a luz sobor de etapas moi importantes da nosa memoria colectiva

A oficialidade tan esterilizadora e tan mediocre tentou ocultar este libro, temerosos de que a luz do día impregne as súas vidas, e foi o libro máis vendido do ano, sirva para eles tres ademais en desagravio o noso afecto e recoñecimento.

E sexa benvido Don Ricardo á Coruña das Irmandades da Fala, á Coruña de Curros e Pondal e Rosalía e tantos que iniciaron nesta terra a primavera, sexa benvido Don Ricardo á Coruña máis galega e populare.